

INFORME TÉCNICO

*** ASUNTO: INFORME DE COMPATIBILIDADE URBANÍSTICA**

*** CLAVE: OH.227.626**

*** DOCUMENTO: ACTUACIÓNS NO ABASTECIMENTO DE RIBADEO. FASE I**

*** DATOS DO PROMOTOR / SOLICITANTE**

- Nome: CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
- Enderezo: r/ Doutor Maceira, 18 - baixo
- Localidade: 15706 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

*** DATOS DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO:**

- Planeamento urbanístico:

* Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2014 (aprobado definitivamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 14/11/2014, e publicado no DOG núm. 230 de 1/12/2014 e no BOP núm. 297 de 29/12/2014).

- Calificación urbanística:

- PXOM de 2014 – SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS E SOLO DE NÚCLEO RURAL

- Cumprimento da normativa urbanística:

O Solo Rústico de protección de infraestruturas, aparece regulado nos artigos 395 a 398, do citado Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2014, estando a actuación prevista no documento que se presenta entre os usos autorizables por licenza municipal directa (art. 396.1), polo que unha vez remitido o proxecto de execución definitivo, con todos os documentos necesarios, así como vistas as consideracións que se expoñen neste documento para mellorar considerablemente a actuación prevista (ANEXO 1), poderase conceder licenza municipal por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadeo.

Por todo elo, o facultativo que suscribe, verificados todos os datos técnicos consignados polo interesado no expediente, examinada a documentación presentada, así como vistas as Ordenanzas Municipais e demais disposicións legais de aplicación, informa que as actuacións de referencia son conformes coa legalidade urbanística deste Concello.

Ribadeo, 26 de xaneiro de 2.015
O ARQUITECTO MUNICIPAL,

Asdo./ Francisco Manuel Moreda Gil

* ANEXO 1

En relación a documentación que se presenta no documento "ACTUACIÓN NO ABASTECIMIENTO DE RIBADEO. FASE I", desde a oficina técnica do Concello, fanse as seguintes consideracións respecto da documentación presentada:

ANTECEDENTES:

O proxecto presentado, trata de mellorar a rede de abastecemento municipal de Ribadeo, e propón as seguintes actuacións:

1.- Novo depósito de auga en San Xoán de Ove, que contempla unha nova estrutura de almacenamento e regulación con unha capacidade útil de 4.660 m³, distribuída en dous vasos circulares iguais de 28 metros de diámetro, cada un deles, situados na cota 97 m (o nivel de soleira do vaso) e conta cunha garantía de suministro de 24 horas para a demanda punta diaria no ano considerado como horizonte.

2.- Nova condución e bombeo desde o depósito existente de Fontes do Lobo, que propón a condución de PEAD de 160 mm de diámetro nominal e a colocación dun grupo de presión que permita elevar a cota do novo depósito a auga procedente dos mananciais.

Unha vez comprobada a actuación que se pretende realizar con referido proxecto, tratase de analizar unha serie de apreciacións do mesmo, para conseguir unha mellora que beneficie a xestión e o servizo de abastecemento municipal, e para elo emítese o seguinte:

INFORME:

1.- En primeiro lugar, é de destacar que dentro de todas as actuacións que se pretenden acometer, para a mellora da rede de abastecemento municipal, ampliando os depósitos existentes e a rede municipal, non se teña en conta as obras máis urxentes que se deben acometer na actual condución de auga municipal desde o lugar de Vilarbetote, que abastece de auga o actual depósito de auga de Loureiro, esta condución esta realizada en fibrocemento de 300 mm., e circula por zonas onde os accesos son moitas veces inaccesibles, polo que calquera rotura da tubaría, necesita unha reparación urxente e debido a dificultade do seu acceso, provoca o retraso da reparación en varios días.

Sempre se planteou desde o Concello, de Ribadeo, intentar cambiar a tubaría de fibrocemento por unha de fundición, incluso cambiando o actual trazado (nunha parte discorre por un túnel da antiga vía do ferrocarril), para poder manter un bo servizo e mantemento da rede actual de abastecemento municipal.

2.- A parcela donde se sitúan os dous vasos de planta circular, debería adaptarse ao previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2014 de Ribadeo (PXOM 2014) para o Solo Rústico de protección de infraestruturas, deixando fora da zona de actuación do proxecto, a parte de parcela situada en solo de núcleo rural (axuntase plano V1.1-C7 do PXOM 2014).

3.- Como segunda proposta, trataríase de que os dous vasos que conforman o novo depósito de San Xoán de Ove, se dispoña dentro da mesma parcela, pero nunha cota máis baixa, para non provocar a subida da presión da auga naqueles puntos máis baixos do casco urbano, xa que o ideal sería que se ampliara a presión en 1 kg ou 1,5 kg, por enriba do depósito actual de Loureiro.

Si se mantivese a actual cota proxectada, debido a diferenza de cotas entre ambos depósitos, produciríase unha rotura da rede por sobrepresión, polo que deben colocarse válvulas redutoras de presión na conducción da distribución.

4.- No proxecto presentado, a nova tubaría que se propón que discorre entre o novo depósito de San Xoán e o actual de Loureiro, que serve para realizar a recarga do depósito de Loureiro, que se prevé en tubaría de fundición de diámetro 400 mm, conecta na arqueta proposta número 2, coa rede de abastecemento existente que procede da fonte de suministro de Vilarbetote realizada en fibrocemento de diámetro 300 mm, polo que se propón que este último tramo que atravesa a carretera de Vilela (LU-5207), se substitúa por una nova canalización de fundición, de tal maneira que o encontro entre as dúas tubarías non provoque novas roturas.

5.- Tal como está planteado o proxecto, na arqueta núm. 1, comunícanse as dúas fontes de suministro, e dicir Santa Cruz e Vilarbetote, tendo actualmente unha diferenza considerable de presión entre ambas, así cando as válvulas se abran, producirá unha sobrepresión na conducción da rede procedente de Vilarbetote, e provocaría a rotura dos puntos máis baixos da rede e impediría polo tanto a subida da auga hacia o novo depósito de San Xoán.

6.- Deberíase replantear a canalización prevista entre os depósitos de Santa Cruz, Loureiro e San Xoán, podendo alimentar o novo depósito de San Xoán desde dous lados, un que proceda desde o depósito de Santa Cruz, e o segundo desde o depósito de Loureiro, de tal forma que non se unan na arqueta núm. 1, e así poder alimentarse independentemente, e incluso desde os dous depósitos ao mesmo tempo.

Poderíase plantear esta nova conexión desde o depósito de Loureiro ata o de San Xoán, discorrendo paralelo ao previsto para o vaciado dos depósitos de San Xoán, e incluso podería discorrer pola mesma zona a rede existente que procede do depósito de Santa Cruz, cruzando a carretera LU-5207.

Ademais desde esta nova canalización que une os depósitos de San Xoán e Loureiro, realizada en diámetro 400 mm, podería realizar unha conexión ao depósito de Loureiro por enriba nun diámetro de 200 mm, modificando o cadro de maniobra prevista no presente proxecto.

7.- Respecto da conducción e bombeo previsto desde o depósito de Fontes do Lobo, para transportar a auga procedente dos mananciais ata o depósito de San Xoán, considerase que este recorrido non é necesario, senón que poderíase conducir a auga procedente do depósito de Fontes do Lobo, hacia a rede de abastecemento xeral, que discorre pola carretera do monte (punto 1 dos planos que se adxunta co escrito), ou ben a mellor solución, sería dirixila cara o punto 2 (planos que se adxuntan), donde existe unha tubaría de diámetro 160 en PVC que alimenta as praias, e que o mesmo tempo conecta cunha tubaría de diámetro 150 en fundición, desde a cal se pode dar servizo o parque empresarial e incluso a rede de abastecemento municipal do solo urbano de Ribadeo, posto que se atopa conectada co parque empresarial.

De esta forma, evitaríase realizar un novo bombeo, e dirixir a auga o depósito de Loureiro ou de San Xoán, para despois dirixirse hacia a zona das praias ou do parque empresarial, así poderá eliminarse a tubaría de baixada dos mananciais prevista no depósito de San Xoán.

Por todo o descrito, deberíanse ter en conta a hora de realizar o proxecto definitivo, as suxerencias plantexadas no informe, de tal forma, que se teñan en conta, todas aquelas consideracións que sirvan para mellorar considerablemente a calidade e o servizo de abastecemento de auga municipal.

E canto se ten a ben informar, en Ribadeo a 26 de xaneiro de 2.015.

O ARQUITECTO MUNICIPAL,

Asdo./ Francisco Manuel Moreda Gil